

Yolanda LÓPEZ LÓPEZ

O zoológico errante*

Á miña nai

Coma unha formiga refulxente...
 e vas arrastrando os teus brazos durmintes
 ao carón da herba mutilada,
 rebelde serpe de pétalos escuros e azuis
 ondeando rochas crebadas que anhelan ferir os teus ollos
 na ledicia de vivir sorrisos melodiosos.
 O teu canto de vaca agarda pola miña boca seca
 repartindo verbas inusitadas no tacto da vida,
 lamelas de mapoulas retorcéndose no teu berro de raíña silandeira,
 que non precisas de coroas para furar no veneno demoníaco do mal.
 Ergueste como ti só sabes a forza de canón,
 embrión e bramido,
 útero de salamandra bramando versos rachados e nómades,
 estendendo as túas alas de bolboreta férrea...
 caleidoscopio de cores altisonantes
 atravesando selvas amazónicas,
 coa túa música lonxana recruando no vento,
 nena indíxena fuxindo da intemperie,
 regato morriñento agochado na trompa do elefante salvaxe,
 e así vas caendo nas ondas do mar alporizado,
 na espuma virxe do Atlántico profundo,
 coma unha gaivota sen plumas,
 coma un peixe en ardores,
 coma unha caracola a rentes do chan

* Yolanda López López, *Moralla* (Santiago de Compostela: Ed. Follas Novas, Libros do loureiro, 2013).